

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026406	IES Eduardo Pondal	Ponteceso	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Esta programación didáctica desenvolve a materia de Educación en valores cívicos e éticos de 3º ESO, que no Decreto 156/2022 de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, se presenta como segue a continuación:

A educación en valores cívicos e éticos constitúe un requisito necesario tanto para o exercicio activo e responsable da cidadanía como para o desenvolvemento da autonomía moral e da personalidade do alumnado. Non hai dúbida de que estes dous propósitos se encontran relacionados entre si, pois non é posible un exercicio activo e responsable da cidadanía democrática sen un compromiso ético persoal, libre e fundamentado, con determinados principios e valores. De aí a necesidade de que toda educación cívica ou en valores estea traspasada por ese exercicio reflexivo e crítico sobre a moral individual e colectiva que representa a ética filosófica.

En termos xerais, e de acordo cos obxectivos educativos e co perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes, así como os valores que lle permiten ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, afrontar cuestións éticas

fundamentais e adoptar unha actitude consecvente co carácter interconectado e ecodpendente da súa vida en relación coa contorna; todo iso co obxecto de poder apreciar e aplicar con autonomía de criterio aquelas normas e valores que rexen a convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos supón un maior nivel de afondamento e desenvolvemento dos catro ámbitos competenciais fundamentais sobre os cales se organizaba, como área, na educación primaria. O primeiro é o do autoconhecimento e o desenvolvemento da autonomía moral. O segundo atende á comprensión do marco social de convivencia e ao compromiso ético cos principios, valores e normas democráticas que o rexen. O terceiro refírese á adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade da contorna desde o entendemento da nosa relación de inter e ecodpendencia con el. E, finalmente, o cuarto, máis transversal e dedicado á educación das emocións, ocúpase de desenvolver a sensibilidade e a conciencia e xestión dos afectos no marco da reflexión sobre os valores e os problemas éticos, cívicos e ecosociais. Pola súa vez, cada un destes ámbitos competenciais desenvólvese en dous niveis integrados: un máis teórico, dirixido á comprensión significativa dos conceptos e cuestións máis relevantes da materia; e outro, máis práctico ou instrumental, orientado a promover, desde a reflexión crítica e o diálogo argumentativo, condutas e actitudes acordes con aqueles valores éticos, cívicos e ecosociais que orientan á convivencia.

Outro aspecto tido en conta no deseño da programación foi a especificidade do noso centro educativo, a súa contorna e as características do alumnado.

A presente programación desenvólvese no IES Eduardo Pondal, de Ponteceso, concello que está ubicado ao norte da provincia da Coruña, na comarca de Bergantiños. Limita co concello de Cabana de Bergantiños e co de Malpica. No censo do concello de Ponteceso do ano 2022 figuran 5.429 persoas. Obsérvase un descenso poboacional importante, dáse unha emigración cara á cidade e o estranxeiro.

No centro impártense todos os niveis de Educación Secundaria Obrigatoria e dúas modalidades de Bacharelato: o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e o Bacharelato de Humanidades e Ciencias sociais. Tamén conta cun Programa de Formación Profesional Básica e tres Ciclos Formativos de grao medio: os xa existentes anos anteriores de Automoción e Administrativo e, iniciándose o presente curso académico, un de Axuda á dependencia. O centro acolle alumnado procedente das localidades de Malpica, Cabana, Laxe e Corme, así como o propio da localidade, para cursar Ensinanzas de Secundaria Obrigatoria, ESA, Bacharelato e Ciclos.

No centro impártense todos os niveis de Educación Secundaria Obrigatoria e dúas modalidades de Bacharelato o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e o Bacharelato de Humanidades e Ciencias sociais. Tamén conta con un Programa de Formación Profesional Básica e tres Ciclos Formativos de grao medio: Automoción, Electromecánica e Atención a persoas en situación de dependencia. O centro acolle alumnado procedente das localidades de Malpica, Cabana, Laxe e Corme, así como o propio da localidade, para cursar Ensinanzas de Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Ciclos.

A actividade económica da localidade é fundamentalmente do sector primario (pesca e gandaría). A pesca é un dos principais alicerces económicos, sobre todo no porto de Corme (marisqueo, ourizo, bateas de mexillón). Nas parroquias de interior seguen dedicándose á agricultura e gandaría, especializada no gando porcino. Existen diversas explotacións gandeiras situadas en Langueirón, Nemeño e Corme-Aldea. Na localidade existe tamén algunha explotación de produción leiteira.

O grupo de 3º de ESO A está composto por 26 alumnos/as, de entre 13 e 16 anos. Hai un grupo de 5 que están en PDC e que nesta materia se xuntan co resto do grupo. Hai un alumno con TDAH, outro ao que se lle aplica o protocolo de TEA e varios con NEAE por desfase curricular. Dúas persoas están repetindo 3º neste curso.

A materia impártese en galego e contamos cun alumno que está exento, por acabar de chegar a Galicia, e outros

dous de Cuba e de Venezuela que xa se van avaliar en lingua galega.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A identidade persoal	Autoconhecimento e autonomía moral: 1. "Ser" cos demais 2. O teu nome 3. Un pacto de liberdade	34	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Unha sociedade máis humana	Sociedade, xustiza e democracia: 4. Un mundo libre e seguro 5. O cambio nas túas mans 6. Decidir non é tarefa doada	33	11		X	
3	A mellora da contorna común	Sustentabilidade e ética ambiental: 7. As desigualdades son cousa de todos 8. Let's go for the climate! Proxecto ApS: Noticia ou fake?	33	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A identidade persoal	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Distinguir as dúas concepcións filosóficas tradicionais da natureza humana e comprender as súas implicacións a nivel persoal e relacional, mediante a análise de ditas posicións e elaborando de forma escrita e a partir dun diálogo previo cos demais as propias teses sobre as súas implicacións.	PE	30
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver de xeito escrito un dilema moral vencellado á vida cotiá, como no uso seguro das redes sociais, as condutas adictivas e o acoso escolar, no que se inclúen conceptos éticos básicos, a partir dun debate no grupo clase.		
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Identificar e expresar de xeito oral como son as nosas emocións, afectos, desexos cara a nós mesmas e as demais persoas e mostrar desexos de comprender e empatizar cos demais para lograr establecer unhas relacións positivas con outras persoas		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Facer aportacións pertinentes en pequeno grupo e no grupo clase de xeito respectuoso, é dicir manifestando unha xestión de emocións e un autoconhecimento que lle permita recoñecer o estado emocional dos demais, valoralo e darlle unha resposta creativa e respectuosa.	TI	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Manifestar sentido común e diálogo respectuoso e comprometido en prol dunha convivencia pacífica, interesándose por coñecer o ser humano no seu máis amplo espectro (social, legal e humano).		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Entender o movemento asociativo na súa evolución histórica e asumir a responsabilidade individual como cidadán activo e democrático co obxecto de mellorar a convivencia cos que o rodean, tomando decisións colectivas, planificando accións e resolvendo problemas con clara autonomía ética e democrática		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Entender e defender correctamente os dereitos humanos, ser consciente das desigualdades e inxustizas que se dan en canto aos Dereitos do Neno ao redor do mundo, e mostrar compromiso activo e consciente polo ben común, a xustiza global e a igualdade de dereitos.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Promover accións individuais e colectivas en favor da paz, da xustiza, da seguridade, da cooperación e da non-violencia.		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Manifestar unha xestión de emocións e un autoconecemento que lle permite recoñecer o estado emocional dos demais, valoralo e darlle unha resposta creativa e respectuosa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas.

Contidos

- A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital.
- A educación de emocións e sentimentos.
- A autoestima persoal.
- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.
- A educación afectivo-sexual.
- A ética e as éticas como guías das nosas accións.
- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.
- Universalismo e pluralismo moral.
- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.
- Ética e dereito.
- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.
- O conflito lexitimidade-legalidade.
- A obxección de conciencia.
- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.
- O debate sobre a liberdade de expresión.
- A sociedade humana: natureza e orixe.
- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.
- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.
- A política.
- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.
- Formas de Estado e tipos de goberno.
- A democracia: principios, procedementos e institucións.
- O Estado español como estado social e democrático de dereito.
- Valores constitucionais.
- A memoria democrática.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.
- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia.

UD	Título da UD	Duración
2	Unha sociedade máis humana	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Artellar unha exposición escrita na que amosa ser consciente de desigualdades e inxustizas existentes na actualidade e amosando tamén un compromiso activo polo ben común, a xustiza global e a igualdade de dereitos.	PE	40
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Coñecer e expoñer de xeito escrito cales son os Dereitos Humanos e a súa importancia para o benestar social.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Mostrar certa autonomía moral a través da reflexión e o diálogo cos demais para enfocar problemas relacionados coa vida cotiá, como o uso seguro das redes sociais, as condutas adictivas e o acoso escolar.	TI	60
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Seleccionar información axeitada á hora de investigar sobre a natureza social e política do ser humano e a súa complexidade, manifestando sentido común e diálogo respectuoso e comprometido en prol dunha convivencia pacífica.		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Entender o movemento asociativo na súa evolución histórica, e asumir a súa responsabilidade individual como cidadán activo e democrático co obxectivo de mellorar a convivencia, tomando decisións colectivas, planificando accións e resolvendo problemas con clara autonomía ética e democrática.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Demostrar de xeito oral ou escrito un discurso baseado no recoñecemento e necesidade de respectar os dereitos LGTBIQ+ así como a cuestión da loita por unha efectiva igualdade de xénero.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Mostrar vontade para promover accións eticamente comprometidas, xustas e sostibles, e entender o impacto de toda acción individual nun mundo desigual, co desexo de xerar un cambio de conciencia social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A obxección de conciencia. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - Os dereitos humanos. - Referente moral da democracia e a xustiza social. - Xeracións e historia dos dereitos humanos. - Dereitos da infancia. - Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.

Contidos

- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.
- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.
- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia.
- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.
- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.
- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.
- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. - Ecofeminismo e ética do coidado.

UD	Título da UD	Duración
3	A mellora da contorna común	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Manifestar conciencia sobre o impacto que a pegada ecolóxica individual no planeta e a necesidade de promover iniciativas comprometidas e creativas que melloren a contorna e minimicen os efectos do cambio climático.	PE	20
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Identificar e ser quen de comunicar os propios sentimentos e afectos, e mostrar desexos de comprender e empatizar cos demais para lograr establecer unhas relacións positivas con outras persoas.	TI	80
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Mostrar certa autonomía moral a través da reflexión e o diálogo cos demais para enfocar problemas relacionados coa vida cotiá, como o uso seguro das redes sociais, as condutas adictivas e o acoso escolar.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Entender e defender correctamente os dereitos humanos, ser consciente das desigualdades e inxustizas que se dan en canto aos Dereitos do Neno ao redor do mundo, e mostrar compromiso activo e consciente polo ben común, a xustiza global e a igualdade de dereitos.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Apreciar e mostrarse sensible á problemática de desigualdade, violencia e discriminación que sofren as mulleres e outros colectivos, e evidenciar vontade de ser axente de cambio na súa contorna mediante o interese polo coñecemento da súa situación e as vías democráticas de reivindicación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Argumentar e debater os principios democráticos que levan a conseguir un ben común colectivo, priorizando as necesidades e emerxencias sociais e climáticas que existen actualmente.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Mostrar vontade para promover accións eticamente comprometidas, xustas e sostibles, e entender o impacto de toda acción individual nun mundo desigual, co desexo de xerar un cambio de conciencia social.		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Manifestar unha xestión de emocións e un autoconhecimento que lle permite recoñecer o estado emocional dos demais, valoralo e darlle unha resposta creativa e respectuosa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A obxección de conciencia. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión.

Contidos

- A ética na sociedade actual.
- O problema da desinformación.
- A protección de datos e o dereito á intimidade.
- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.
- As condutas adictivas.
- Os dereitos humanos.
- Referente moral da democracia e a xustiza social.
- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A igualdade de xénero.
- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.

Contidos

- As propostas transhumanistas.
- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.
- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.
- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia.
- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.
- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.
- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.
- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.
- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.
- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Consumo responsable e soberanía alimentaria.
- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.
- Xustiza ecolóxica.
- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.
- Ecofeminismo e ética do coidado.
- Protección e dereitos dos animais.
- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.
- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Como guía para o noso proceso docente na materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos establecemos os seguintes principios metodolóxicos:

- Enténdese a transmisión de coñecementos na aula como un proceso de construción que implica unha actitude crítica tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado. Aínda que o fío argumental se fundamentará nas directrices do profesorado, as clases desenvolveranse nun clima de diálogo aberto entre profesorado e alumnado e, entre o alumnado entre sí, que poderán interromper, baixo un principio de respecto, a explicación ou actividades e demandar as aclaracións ou cuestións que estimen oportunas, así como suxerir novos desenvolvementos sobre cuestións explicadas ou aportar ideas ou puntos de vista persoais ás cuestións expostas. Este principio metodolóxico permite, ensinar ao alumnado a dialogar. É obxecto xeral das materias do departamento que sigan atentamente o desenvolvemento das clases, que saiban sintetizar e expoñer os seus puntos de vista, respectar o turno de intervención, saber captar a posición dos outros, respectar as outras persoas que expoñan as súas ideas, aprender a exercer unha crítica seria ás posturas contrarias e aos propios puntos de vista.
- É necesario partir das aprendizaxes previas que, sobre as materias, dispoña o/a alumno/a. O profesorado abordará as cuestións partindo das propias experiencias dos/as alumnos/as, dos seus coñecementos, e desde aí irá aprofundando en aspectos e ideas máis abstractos. Ademais poñerase o acento en recoñecer as falsas crenzas adquiridas e a

existencia de prexuízos.

- Preténdese evitar a aprendizaxe memorística, baleira de comprensión: para logralo utilizaranse "as situacións de aprendizaxe, que se abordarán tanto de forma individual como en grupo. Preténdese que o alumnado poida aprender por si mesmo.

- O alumnado deberá tamén aprender a tomar apuntes no seu caderno ao fío das exposicións, debates e postas en común.

- É, tamén tarefa metodolóxica o fomento da lectura filosófica. Para logralo o departamento poderá propoñer diversas lecturas: capítulos de libros, artigos, libros axeitados á idade do alumnado.

- O alumnado aprenderá a realizar traballos monográficos sobre os temas do programa. O profesorado explicará as metodoloxías adecuadas para a súa realización, así como as fontes de consulta necesarias e as orientacións pertinentes sobre a estrutura formal do traballo.

- A aprendizaxe cooperativa con traballos en equipo tamén será recurso metodolóxico relevante.

- Utilizarase como recurso didáctico o visionado de películas e documentais sobre temas do programa, posteriormente farase un debate e posta en común na clase.

- Como principio didáctico o alumnado deberá facer un caderno persoal (ou diario de clase) no que recolla todo o que aconteza na aula: explicacións, debates, postas en común, vocabulario, análise de lecturas e textos, disertacións etc. Nun escenario de non presencialidade a distancia podería optarse por un portafolio dixital.

A nivel procedimental, estes principios metodolóxicos concréntanse como segue:

- Tratar de descubrir que ocorre na mente do/a alumno/a ao abordar calquera tema: conceptos, valores, aprendizaxes previas, de xeito que poida construír un proceso de aprendizaxe significativo.

- Valorar as ideas e destrezas dos alumnos/as de xeito que se desenrole a súa autoestima como primeiro valor necesario para a adquisición de outros valores (tolerancia, solidariedade etc.) e actitudes que son contidos da área.

- Facer posible a aprendizaxe significativa dos alumnos/as por si mesmos, é dicir que aprendan a aprender.

Intentar na medida do posible que o alumnado faga un esforzo intelectual que lle leve a reflexionar e razoara criticamente sobre as súas propias ideas e actos.

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte das alumnas e dos alumnos, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.

- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, comunicación e empatía intelectual e emocional.

- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.

- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.

- Ofrecer ás alumnas e aos alumnos instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.

O curso pode organizarse en torno a unha serie de estratexias didácticas que son as seguintes:

- Estratexias expositivas para a presentación dos temas, de xeito que axuden ao alumno/a a situarse claramente e a ter unha visión panorámica ou introdutoria. Estas estratexias irán acompañadas de exercicios, actividades, debates que axuden a assimilar o explicado.

- Estratexias de indagación nas que o alumnado se enfrente con problemas nos que teña que utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes, garantindo así a súa adquisición. Debates, investigacións, busca e selección de información en fontes diversas.

- A organización de traballo na aula está presidida pola diversidade de actividades: tempos de explicación, tempos de traballo individual, tempos de traballo en grupo e tempos de posta en común no gran grupo.

- Recursos e actividades didácticas: visionado de películas e documentais cada unha acompañada da súa correspondente ficha técnica e unha enquisa sobre a mesma, os vídeos seleccionados presentan un dilema moral e tratan un contido do programa. O alumnado deberá argumentar e debater sobre o mesmo.

- Análise de textos: fragmentos, artigos de prensa, capítulos de libros, disertacións: tipo de composicións oral ou escrita, debates, elaboración dun caderno e traballo en grupo. As principais cuestións a abordar na materia deberían consistir, respectando sempre os ritmos de aprendizaxe de cada alumno e alumna, na realización de proxectos grupais nos que o propio alumnado teña que resolver conflitos e así desenvolver un fortalecemento da súa autonomía e responsabilidade en coherencia cos valores dunha cidadanía plural, crítica e democrática.

Así mesmo é de especial relevancia que o alumnado coñeza as canles de participación cidadá no marco da sociedade na que vive para que poida desenvolver estilos de vida saudables e sustentables e, sobre todo, baseados nunha participación activa e cooperativa na que saiba poñer en práctica os valores comúns e o pensamento crítico que o fornecerá na súa madurez persoal e académica.

O xeito máis pertinente de avaliar a diversidade de actividades, incluídas tamén as probas escritas, será con táboas de indicadores que constarán de rúbricas de cada fase do traballo que se desenvolva.

- Rúbrica actitude cívica na aula

- Rúbrica traballo escrito individual
- Rúbrica traballo grupal
- Rúbrica exposición oral
- ...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Curso no Entorno Virtual de Aprendizaxe
Librodixital Valores Cívicos e Éticos de Rodeira-Edebé
Caderno ou arquivador para tomar apuntamentos
Follas ou caderno A5 para diario de clase
Outros materiais impresos que poidan ser entregados puntualmente
Ferramentas de aula: ordenadores do alumnado, ordenador do/a docente, pizarra electrónica, encerado...

Emprégase o curso na plataforma Edixgal como medio de comunicación co alumnado, repositorio de materiais, medio de entrega de tarefas e plataforma de avaliación. Nel tamén se fará uso dos recursos do libro electrónico da Editorial Edebé.

Permíteselle ao alumnado usar o soporte que mellor lle veña para tomar apuntamentos na clase, pero requíreselle que para as entradas no diario de clase ou outras actividades de entrega, empregue follas perforadas de tamaño A5, sexan soltas ou en caderno (con microperforación para a súa cómoda extracción).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras dúas semanas de clase levase a cabo unha avaliación inicial a través duns cuestionarios onde se presenten dilemas ou situacións que permitan ao alumnado amosar o grao de autoconñemento das emocións e das características da súa personalidade, o respecto, a empatía, a conciencia sobre o valor da democracia, dos dereitos humanos, da igualdade e a non discriminación, así como dos principais problemas ecosociais aos que nos enfrontamos. Tamén se avaliará a capacidade de diálogo, de escoita activa e a capacidade de argumentar, elevando algunhas desas cuestións ao grupo clase ou por parellas.

Así mesmo, recollerase información dos informes do alumnado para coñecer as súas situacións persoais, o seu nivel de autonomía, a situación familiar.

A recollida de todos estes datos poranse en coñecemento da xunta de avaliación e estableceranse as medidas axeitadas a partir da posta en común do equipo docente, con especial atención ás indicacións do Departamento de Orientación para as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Proba escrita	30	40	20	30
Táboa de indicadores	70	60	80	70

Criterios de cualificación:

A cualificación final será a media das 3 avaliacións, cuxas actividades serán ponderadas coas seguintes porcentaxes: **PROBAS ESCRITAS** un 60% da nota da avaliación, outras **ACTIVIDADES** un 40%, como diario de clase, outros traballos da clase e actividades, lecturas de libros voluntarios para redondeo etc. Dentro deste apartado establecemos que a actitude cívica, cunha participación activa e respectuosa na clase conta 10% da nota final, podendo axustarse en cada avaliación respecto ao resto de actividades, segundo o peso que efectivamente tiveran do desenvolvemento das clases, para establecer un peso máis acorde co traballo efectivamente realizado.

As probas escritas serán obxectivas e incluírán criterios de avaliación cuxo instrumento de avaliación sexan, segundo a metodoloxía establecida, tanto táboas de indicadores como probas escritas.

Calquera traballo ou entrega que teña indicios de non ser orixinal será avaliado cun 0 e, se a docente o estima, poderá requirir unha posterior proba oral ou repetición.

As entradas do diario e, en xeral, as cuestións das probas escritas serán avaliadas polos seguintes aspectos:

Contidos: desenvolve e explica axeitadamente polo menos 3 ideas ou aspectos que xurdiron na clase (pois enténdese que recollelo todo é demasiado)

Redacción: establécese unha conexión entre as ideas e todo o texto ten coherencia (empréganse conectores e expresións que contextualizan, hai estrutura de **Introdución / Desenvolvemento / Conclusión**, escríbese sen presupoñer que o lector estivo na clase)

Reflexión persoal: a entrada contén unha valoración ou opinión sobre o exposto, que pode ter a forma de posicionamento ante a cuestión ou de análise e valoración das posturas doutras persoas (filósofos, compañeirxs, docente...)

Criterios de recuperación:

O/a alumno/a que non alcance os obxectivos propostos:

- Desenvolverá a súa actitude cívica na seguinte avaliación se aí se amosaron eivas.

- En caso de que o profesorado o estime oportuno fará aqueles traballos que non fixo ou que fixo mal e corruxirá o caderno ou o diario de clase.

- Deberá volver a traballar os contidos conceptuais ou mellorar os procedimentais si esa é a súa insuficiencia. Despois da 1ª e da 2ª avaliación poderá haber un exame de recuperación que versará sobre os contidos mínimos. Para superar a recuperación deberá obter como mínimo un 5.

- O alumnado que non obteña nas avaliacións e recuperacións a cualificación de 5 realizará un exame final da materia sobre os mínimos esixibles da programación. Se só ten suspensa a 3ª avaliación, poderase ir só con esta avaliación ao exame final. Quedará exento da realización de dita proba o alumnado que aprobe a materia por avaliacións. Na proba final deberá obter un mínimo de 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade). O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor.

O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizado no que se desenvolvan os criterios mínimos esixibles en cada unidade didáctica, que poderá implicar unha proba escrita en cada avaliación.

Está proposta será resultado dun seguimento individualizado que se fará do alumnado revisando os traballos

entregados por trimestre e/ou a proba escrita, coa posibilidade dunha proba final se a media das 3 avaliacións non acaba o 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Dentro das medidas ordinarias para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo propóranse medidas de reforzo adaptadas e individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios. Todos eles dispoñibles a través do curso na plataforma EVA ou en fichas. Propóranse, ao mesmo tempo, diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adaptan mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección individual unha batería de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografía, comics, videopresentacións, textos...)

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso debemos ter en conta o plan específico personalizado que desenvolve o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.

Tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

Por outra banda, atenderanse e implementaranse as medidas extraordinarias que correspondan nas circunstancias nas que as ordinarias non abonden: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta que hai un agrupamento PDC dentro da aula, tratarase de seguir as dinámicas de organización do alumnado que máis beneficie á súa aprendizaxe. Aplicaranse os protocolos de TDAH e de TEA correspondentes ao alumnado con estas características.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico	X	X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara valores democráticos e éticos	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X

Observacións:

No ambiente da aula, e en todas as tarefas da materia:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Como noutras materias do Departamento de Filosofía, tanto os contidos como os instrumentos propios da disciplina son especialmente axeitados para traballar as liñas transversais do currículo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades sobre xestión das emocións coa colaboración dunha exalumna	Grazas á colaboración dunha exalumna do centro que estuda Intervención sociocomunitaria, realizaranse co alumnado sesións con dinámicas sobre a xestión das emocións	X	X	
Actividades (charlas ou obradoiros) dentro do CP-Inclúe	O centro participa no CP-Inclúe, que este curso se centra na saúde mental. Realizarase algunha actividade neste marco para o alumnado de 3ºESO vencellándoo ao currículo da materia e no horario desta..		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia a programación da materia; instrumento de planificación que coñezo e utilizo.
Metodoloxía empregada
Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades que os meus alumnos e alumnas deben conseguir como reflexo e manifestación da intervención educativa.
Medidas de atención á diversidade
Selecciono e secuencio os contidos e as tarefas de aprendizaxe da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características e necesidades do alumnado.

Clima de traballo na aula
Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos...) axustados á programación didáctica e , sobre todo, axustado sempre, o máis posible ás necesidades e intereses do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, departamento, equipos educativos e profesores de apoios).
Outros
Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos e alumnas e comprobar o grao en que alcanzan as aprendizaxes.

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 5, indicando o 1 a menor consecución e o 5 a maior. Ademais incorporaranse propostas de mellora cando proceda.

Os resultados desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñeranse en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar as melloras sinaladas en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens unha vez por avaliación, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesións previstas por UD foron as suficientes e se anotarán datas de inicio e final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados